

CURSO 2022/23

*Revisión do
Plan Anual
de Lectura*

PAL

BIBLIOTECA

REVISIÓN DO PLAN ANUAL DE LECTURA

CURSO 2022-2023

1. OBXECTIVOS XERAIS

Tal e como se recolle no PLC (Plan Lector de Centro), os obxectivos xerais son os seguintes:

- a. Consolidar hábitos de lectura no alumnado en todos os cursos da ESO.
- b. Potenciar a comprensión lectora dende todas as áreas do currículo.
- c. Desenvolver as habilidades de lectura, escritura e expresión oral na aprendizaxe de calquera materia.
- d. Promover no alumnado a capacidade de expresarse sobre diferentes temas con claridade, coherencia e sinxeleza.
- e. Formar hábitos lectores para que sexan quen de desenvolverse con éxito en todos os ámbitos.
- f. Lograr que o alumnado conserve, ou no seu caso descubra, o hábito da lectura como un elemento de goce persoal.
- g. Fomentar, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións da contorna.
- h. Lograr que aprendan a analizar con sentido crítico a información que transmiten diferentes medios de comunicación (televisión, radio e prensa, entre outros).
- i. Trasladar ao ámbito extraescolar e familiar o interese pola lectura.
- j. Utilizar medios informáticos e audiovisuais como consulta, mellora e apoio da lectura.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Tendo en conta os resultados das enquisas elaboradas polo Equipo da Biblioteca neste curso 2022-2023, o plan terá ademais os seguintes obxectivos específicos:

- a. Proporcionar ao alumnado a formación de usuarios necesaria para localizar fondos de diversa procedencia en calquera biblioteca á que teña acceso, nomeadamente na nosa.

- b. Contribuír desde todas as áreas ao fomento da lectura como fonte de pracer e de desenvolvemento dun espírito crítico.
- c. Adecuar os fondos bibliográficos ás necesidades do centro e catalogalos co programa KOHA de Bibliotecas Escolares de Galicia.
- d. Poñer á disposición do profesorado que así o demande os materiais necesarios para traballar cos alumnos e alumnas na biblioteca en actividades de consulta de fontes ou promoción da lectura integrada nas súas programacións.
- e. Dar a coñecer as novidades bibliográficas que poidan aparecer no mercado e difundir as noticias culturais de interese.
- f. Fomentar o acceso do alumnado á Rede como fonte de información complementaria, alternativa e constantemente actualizada.
- g. Dar a coñecer as actividades de promoción da lectura desenvolvidas pola biblioteca e os fondos bibliográficos do centro a través da Rede.
- h. Organizar encontros con autores que dean a coñecer a súa obra literaria e a súa experiencia como lectores.

3. ACTIVIDADES PARA ACADARMOS OS OBXECTIVOS

Como froito dun **PFAC** dedicado ao tema da **competencia lectora** levado a cabo no centro, elaboráronse unha serie de actividades para poñer en práctica tanto nas aulas das materias lingüísticas coma nas aulas das materias non lingüísticas, así como a través da biblioteca e do propio centro.

3.1. PROMOCIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA EN ÁREAS LINGÜÍSTICAS

- Traballar todo tipo de textos: continuos e discontinuos.
- Traballar os distintos xéneros textuais:
 - Os textos narrativos e descritivos trataranse en 1º e 2º de ESO.
 - Os textos expositivos, argumentativos e instrutivos serán tratados en 3º e 4º de ESO.
- Consensuar a terminoloxía lingüística entre todos os departamentos de linguas.
- Realizar lecturas en voz alta, silenciosas, dramatizadas, etc. na aula.

- Realizar actividades de comprensión lectora antes, durante e despois das lecturas realizadas na aula.
- Realizar pequenos traballos de investigación en coordinación coa biblioteca.
- Realizar pequenos traballos de creación.
- Elaborar listaxes de lecturas obrigatorias e complementarias.
- Promover as técnicas de estudo (elaboración de esquemas, resumos, mapas conceptuais; realización de subliñados; busca da idea principal e do tema, etc.) en coordinación co Departamento de Orientación.

3.2. PROMOCIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA EN ÁREAS NON LINGÜÍSTICAS

- Traballar todo tipo de textos: continuos e descontinuos.
- Elaborar terminoloxías específicas de cada materia.
- Traballar coa prensa na aula.
- Traballar a lingua oral.
- Fomentar a lectura en voz alta e a lectura silenciosa.
- Realizar actividades de comprensión lectora antes, durante e despois da lectura dun texto.
- Elaborar listaxes de lecturas complementarias da materia.
- Promover as técnicas de estudo (elaboración de esquemas, resumos, mapas conceptuais; realización de subliñados; busca da idea principal e do tema, etc.) en coordinación co Departamento de Orientación.

3.3. PROMOCIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA A TRAVÉS DO CENTRO E DA BIBLIOTECA

O centro propón, sempre en coordinación coa biblioteca e cos departamentos, as seguintes estratexias para mellorar a competencia lecto-escritora do seu alumnado:

1. **Aulas de reforzo**: co obxectivo de que todo o alumnado acade un bo nivel na esfera da lecto-escritura, o centro propón a presenza de aulas de reforzo nas materias de lingua castelá e galega para aqueles alumnos con carencias neste aspecto lingüístico.

2. **Gardas pola lectura**: este proxecto aprobouse en claustro no curso 2009-2010 para ser posto en práctica no curso 2010-2011, co cal levamos xa doce cursos desenvolvendo este proxecto. Trátase de que o alumnado das aulas nas que se produza a ausencia do profesor realizará unha hora de lectura, agás nos casos nos que o profesor/a ausente lles teña deixado asignada tarefa para ese día. Para conseguir este obxectivo, a biblioteca proporcionará o material bibliográfico a cada aula e ao longo dos tres trimestres.

3. **Conmemoracións e efemérides**: a Biblioteca e o EDLG programarán unha serie de actividades nas datas sinaladas, consistentes todas elas a reforzar a lecto-escritura, como lecturas en cadea, exposicións bibliográficas, exposicións sobre a vida dun/ha escritor/a, etc.

4. **Encontros con persoeiros**: os diferentes departamentos, en colaboración coa biblioteca e o EDLG, organizarán encontros do alumnado con escritores/as, científicos/as, etc. En paralelo expoñeranse os exemplares das súas obras na biblioteca. Neste curso poderán facerse de maneira virtual, por videoconferencia, ou presencial, unha vez que remataron as restricións derivadas da pandemia.

5. **Semanas didácticas**: a biblioteca e o EDLG organizarán unha semana didáctica coincidindo coa celebración do *Día do libro* na que se fará un mercadinho de libros usados, exposicións etc.

6. **Actividades de produción propia**: os departamentos de linguas promocionarán a través de concursos aqueles traballos do alumnado que se consideren dignos de conseguir premios, promovendo así o emprego lúdico da lingua e a capacidade creativa do alumnado.

7. **Club de lectura**: o equipo de biblioteca levaba organizando estes últimos cursos dous clubs de lectura (un de literatura e cine e outro de teatro) para os membros da nosa comunidade educativa, no que participan un grande número de alumnos e alumnas (arredor de 50 cada ano), así como parte do profesorado. Tanto o club de literatura como o de teatro se desenvolverán de xeito presencial, e contamos con varios grupos organizados a partir da colaboración de varios profesores e profesoras.

3.4. PLAN ANUAL DE LECTURA DOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS

A seguir, axúntase a actualización do Plan Anual de Lectura realizada polos diferentes Departamentos didácticos do noso IES.

A. DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

É fundamental, para a adquisición dos obxectivos e capacidades básicas, que o alumnado sexa capaz de practicar unha lectura comprensiva. Dadas as características desta materia, é imprescindible dedicar tempo a que os alumnos entendan as distintas definicións e interpreten adecuadamente os enunciados dos problemas, buscando as relacións coas distintas propiedades estudadas.

Detectamos que, moitas veces, os alumnos non resolven ben os exercicios que lles propoñemos por non interpretar correctamente a información dos enunciados. Por iso, no desenvolvemento de todas as unidades didácticas, propoñemos actividades cuxa resolución necesita unha lectura e unha aprendizaxe comprensiva e así poidan chegar a desenvolver as estratexias necesarias para resolvelas. Tamén intentamos que expliquen oralmente o método utilizado na resolución dos problemas ou razoar se as solucións obtidas son válidas ou non. Outras actividades que se realizan son a busca de información e lectura de textos sobre acontecementos e persoas relacionadas coas Matemáticas ao longo da historia. Dedicamos tamén un tempo á lectura de xornais nos que aparezan problemas do ámbito social e científico.

Nas probas escritas, algunhas das preguntas sempre son de razoamento e de relacionar conceptos, o que esixe unha lectura comprensiva por parte do alumnado.

Pretendemos con isto fomentar a lectura con contido matemático, así como axudar a que mellore a súa expresión escrita tanto na forma (ortografía, vocabulario, estilo de redacción etc.) como no fondo (comprensión e dominio de contidos matemáticos).

B. DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

O fomento da lectura, e en especial de textos literarios, é un dos obxectivos esenciais deste departamento, polo que calquera actuación desenvolvida desde a nosa materia estará, de forma directa ou indirecta, enfocada á consecución deste obxectivo primordial.

Así, está prevista unha lectura de carácter común para cada un dos niveis e en cada unha das avaliacións, así como unha listaxe de lecturas voluntarias que formarán parte importante da cualificación dos alumnos e alumnas. No caso de 1º ESO, en cada unha das avaliacións o alumnado realizará dúas lecturas, unha lectura común na aula, como medida de apoio á oralidade, e unha segunda lectura individual na casa, que será avaliada co control correspondente.

Como queda recollido no desenvolvemento das unidades en todos os niveis da ESO, a lectura, a comprensión e a análise de textos literarios de todos os xéneros terán unha importancia capital. Facilitaráselles fragmentos de textos do período literario visto en cada unidade; faranse lecturas dramatizadas, declamación de poemas e valorarase a implicación persoal que alumnos e alumnas amosen á hora de facelo con amenidade e creatividade. Pensamos que leren en voz alta e prepararen previamente a lectura que se vai realizar diante da aula pode ser unha forma de conseguiren afección e interese polo feito literario.

Darase igualmente importancia á creación de textos literarios de todo tipo. O interese pola creación persoal vai propiciar un interese pola aprendizaxe de técnicas que axuden a escribir cada vez mellor. Se isto se consegue, será fácil que aumente o interese pola lectura de obras literarias como fonte de coñecemento de técnicas para a creación persoal.

Por outra banda, este departamento está especialmente implicado nas actividades que dende a Biblioteca e o EDLG do centro se van levar a cabo. Queda polo tanto este apartado aberto a cantas actividades, estratexias e propostas poidan xurdir ao longo do curso para mellorar a formación do alumnado do centro neste sentido.

Ademais do Club de Lectura anual solicitado polo equipo de biblioteca, seguirase coa práctica desta experiencia a nivel de aula, tal como se comezou a facer nalgúns niveis en anos anteriores, para intentar achegar a literatura de forma lúdica ao alumnado. Valorouse moi positivamente esta experiencia para as lecturas de carácter común, tanto por parte do profesorado como do alumnado.

O plan lector para este curso continuará co aproveitamento das horas de garda como horas de lectura, sempre e cando non existan tarefas predeterminadas polo profesor/a ausente.

C. DEPARTAMENTO DE INGLÉS

A animación á lectura será un dos sinais de identidade da actuación do departamento de inglés como xeito de alcanzar obxectivos e competencias da etapa. Para tal fin, o departamento:

- Colaborará activamente co equipo de Biblioteca, participando en todos aqueles proxectos nos que a materia de inglés poida aportar un valor engadido. Desde o inicio de curso estaremos en contacto coa Coordinadora do Plan Lector para poder unificar esforzos e optimizar recursos, alentando ao alumnado a adentrarse no mundo da novela anglosaxoa, lendo obras ou fragmentos (sempre adaptados ao nivel) e recomendándolles lecturas graduadas.
- Proporcionará ao alumnado recursos como as lecturas graduadas (*graded readers*), así como materiais que se encontran na Biblioteca do centro e que contribúen ao desenvolvemento da destreza de comprensión de textos escritos.

D. DEPARTAMENTO DE MÚSICA

No *artigo 4 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño*, no que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria, indícase que “a comprensión lectora, a expresión oral e escrita (...) traballarase en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns das materias de cada etapa.”

De acordo co proxecto lector do centro, este departamento traballará estes aspectos.

Dende o departamento didáctico de música do IES N°1, a maioría das actividades e actuacións circunscríbense ao ámbito da aula. Nela farase unha lectura comprensiva diaria dos contidos da área, que se irán desenvolvendo coa lectura comprensiva dos textos presentes no libro de texto e, ocasionalmente, outro tipo de textos, coa confrontación de puntos de vista sobre ditas lecturas. Tamén se esixirá ao alumnado a escritura completa no caderno dos exercicios formulados, de xeito que o caderno do alumno pasará a ser unha ferramenta non só de aprendizaxe, senón tamén de avaliación para ao profesorado. Esixirase ao alumnado que se exprese oralmente e por escrito con corrección, incorporando o vocabulario axeitado.

Por outra banda, os alumnos terán que realizar, ao longo do curso e de acordo cos contidos e capacidades do currículo da área de música, unha serie de traballos, algúns individuais,

outros grupais, que implicarán o tratamento de información en diferentes formatos e soportes, coa utilización dos recursos dispoñibles no centro (biblioteca de centro, biblioteca de aula, aula de informática) e, excepcionalmente, tamén externos. A lectura e a escritura serán ferramentas esenciais para a realización destes traballos.

Deste xeito, a área de música contribúe, como xa se apuntou, do mesmo xeito que outras áreas, a desenvolver aspectos relacionados co hábito lector, a enriquecer os intercambios comunicativos e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Pero ademais, a música colabora coa integración da linguaxe musical e da linguaxe verbal e coa valoración do enriquecemento que a dita interacción xera. Tamén implica o uso da linguaxe oral e escrita para a transmisión, análise e interpretación de obras visuais e sonoras e a expresión oral e escrita de pensamentos, sentimentos e emocións, ligados á creación artística e á participación en manifestacións culturais diversas. Por último, desenvólvese a concepción da arte musical como sistema de comunicación con códigos propios e como complemento enriquecedor da comunicación verbal e escrita.

E. DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

O Departamento de Física e Química contribúe ao desenvolvemento do proxecto lector do centro ao traballar con textos de divulgación científica, e ao tratar de que o alumnado acade as seguintes competencias:

- Seleccionar, comprender e interpretar información salientable nun texto de divulgación científica, e transmitir as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.
- Argumentar con espírito crítico o grao de rigor científico dun artigo ou dunha noticia, analizando o método de traballo e identificando as características do traballo científico.
- Realizar pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.
- Formular de forma guiada hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.

- Rexistrar observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunicalos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.

Ademais, o departamento de Física e Química recomenda ao alumnado diversas lecturas, que se poden atopar na biblioteca, como por exemplo:

- ROBINSON, Tom: *Experimentos científicos para niños*. Ediciones Oniro, S. A.
- LOZANO LEYVA, Manuel: *De Arquímedes a Einstein: los diez experimentos más bellos de la Física*. Ed. Debate
- FARADAY, Michael: *La historia química de una vela*. Nivela Libros y Ediciones, S. L.
- VINAGRE ARIAS, F., y otros: *Cuestiones curiosas de química*. Ed. Alianza.
- ASIMOV, I.: *Breve historia de la Química*. Alianza Editorial.
- PÉREZ MERCADOR, Juan : *¿Que sabemos del universo? De antes del big bang al origen de la vida*.
- VERNE, Julio: *Veinte mil leguas de viaje submarino*

F. DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

Desenvolveranse medidas para estimular o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente.

Obxectivos: Dentro da materia de E. Física, como forma de estimular o hábito pola lectura, é aconsellable que os alumnos coñezan as revistas, publicacións e libros relacionados co deporte e a actividade física, algunhas das cales se poden atopar na biblioteca.

Actividades: Localizar as publicacións, revistas, prensa deportiva que chegan ao Centro. Ler artigos relacionados coa actividade física e práctica deportiva (deportes en xeral, deporte e saúde nutrición e actividade física, etc.).

Con respecto á necesidade de formación de lectores competentes e á creación e consolidación do hábito de lectura, o noso departamento pretende participar desta tarefa común na medida das nosas posibilidades, tendo en conta a amplitude do noso programa e o escaso tempo que dispoñemos para levar a cabo o noso labor docente.

Contribuiremos con actividades de prácticas de comprensión e fomento da lectura proponendo traballos para desenvolver nas sesións que dediquemos á parte teórica da materia e lendo, ao comezo de cada sesión, as introducións e indicacións propias das unidades didácticas que imos levar a cabo. Ademais levaremos aos alumnos á biblioteca ao

principio de cada unidade temática para que recollan información sobre o tema que traballemos e poidan por si mesmos buscar de maneira autónoma a información necesaria. Os alumnos deberán ler un libro dos que teñen na biblioteca para Educación Física.

G. DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

A contribución deste departamento á competencia lingüística desenvólvese por medio de dúas vías:

- Configuración e transmisión de ideas e información sobre a natureza, que é posible dende a aprendizaxe desta materia. O coidado na **precisión dos termos usados**, da secuenciación adecuada das ideas e da expresión oral das relacións contribúen a esta competencia.
- A **adquisición do vocabulario** e expresións do acervo lingüístico de uso común e a **terminoloxía específica** sobre os seres vivos, os obxectos e os fenómenos naturais fai posible comunicar adecuadamente unha parte moi relevante da experiencia humana e comprender suficientemente o que outros expresan sobre ela.

1º ESO

ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 1º ESO

Comprensión lectora. Procura e lectura de artigos de actualidade sacados da prensa diaria, así como de revistas científicas. Realización de fichas. Lecturas de textos sacados dos libros de texto de distintas editoriais, como por exemplo Santillana 2015: *As nebulosas* (páxina 21Sa). *Como se investiga o fondo oceánico?* (páxina 25). *Como se pode predicir o tempo?* (páxina 47); *Os furacáns* (páxina 59). *A biodiversidade* (páxina 113). *Descrición da estrutura dunha especie; Que son as froitas híbridas?* (páxina 156). *A biocenose do ecosistema urbano* (páxina 211).

Expresión oral e escrita. Elaboración de apuntamentos e resúmenes. Realización de fichas sobre os textos lidos. Debates sobre noticias de actualidade. Realización e exposición dun traballo bibliográfico. Deseño e exposición dos resultados dun pequeno experimento científico. Interpretación de textos e imaxes e exposición de conclusións propias.

3º ESO

Comprensión lectora. Procura e lectura de artigos de actualidade sacados da prensa diaria, así como de revistas científicas. Realización de fichas. Lecturas de textos sacados de distintos libros de texto, como por exemplo: *Como se pode respirar debaixo da auga?*; *Transplante de órganos artificiais*; *Como funciona unha fábrica de chocolate?*; *A alimentación do futuro. Alimentos transxénicos. O aceite de palma é bo ou malo. Aditivos. As algas e alimentación. Os súper alimentos, cales son?*

Expresión oral e escrita. Elaboración de apuntamentos e resúmenes. Realización de fichas sobre os textos lidos. Debates sobre noticias de actualidade. Realización e exposición dun traballo bibliográfico. Deseño e exposición dos resultados dun pequeno experimento científico. Interpretación de textos e imaxes e exposición de conclusións propias.

4ºESO

Comprensión lectora. Procura e lectura de artigos de actualidade sacados da prensa diaria, así como de revistas científicas. Realización de fichas. Lecturas de textos sacados de distintos libros de texto, como por exemplo: *Está aumentando a altura do EVEREST? De onde vén o petróleo? Hai fósiles mariños na cordilleira do Himalaya e no deserto do Sahara? Por que? Biotecnoloxía: o futuro da bioloxía. Virus, seres vivos parasitos. O coronavirus e a COVID_19.*

H. DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

A nosa materia pola súa especial condición de procedimental, centra a súa atención nas catro habilidades lingüísticas, escoitar, falar, ler e escribir, polo que a lectura é inherente ao desenvolvemento da materia na aula.

Con todo, desde o noso departamento, para a materia de Lingua castelá, propoñemos o seguinte proxecto lector:

1. Proba de velocidade lectora ao inicio e final de curso para comprobar a evolución desta capacidade no alumnado de todos os cursos e revisións destas probas ao longo do curso.
2. Lectura comprensiva na aula de diversas lecturas, tanto de carácter literario como informativo. As lecturas contemplarán todo tipo de textos, incluídos gráficos,

esquemas, hipertextos, etc.

3. Lectura de textos complementarios para cada un dos temas de literatura nos cursos 3º e 4º ESO.
4. Lectura obrigatoria dunha obra de ficción por parte do alumnado de cada curso en cada unha das avaliacións, procurando que o alumnado se familiarice sobre todo cos xéneros da novela e do teatro.
5. Lectura un día á semana da obra de lectura por parte do alumnado de 1º ESO na aula coa axuda da profesora para compartir e afianzar a lectura en alta voz e a aprendizaxe de vocabulario.
6. Convocatoria dun encontro vía videoconferencia co escritor/a dunha das obras de lectura obrigatoria para o alumnado de 3º ESO.

Polo que compete ás materias de Latín e Cultura Clásica, propónse unha lectura de carácter obrigatorio para cada unha das avaliacións que terá relación con estas materias, así como a dedicación un día á semana para a lectura e comprensión de lecturas sobre a mitoloxía grega e romana.

I. DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

Ler e escribir son accións que supoñen e reforzan as habilidades que permiten buscar, recompilar e procesar información e ser competente á hora de comprender, compondor e utilizar distintos tipos de textos con intencións comunicativas ou creativas. A lectura facilita a interpretación e comprensión do código que permite facer uso despois da lingua escrita e é, ademais, fonte de pracer, saber e descubrimento.

Dedicarase arredor dun 5-10% do tempo á lectura e centrarémonos na lectura comprensiva. Empregaremos textos tanto de divulgación tecnolóxica, como na lectura de apuntamentos, libro de texto, recursos da biblioteca, Webs de interese etc.

J. DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

Na materia de «Educación Plástica Visual e Audiovisual» traballaránse distintos elementos transversais de carácter instrumental, un dos cales fai fincapé na adopción de medidas para estimular o hábito da lectura e mellorar a comprensión e a expresión oral e escrita. O dominio e progreso da competencia lingüística nas súas catro dimensións (comunicación oral:

escoitar e falar; e comunicación escrita: ler e escribir), comprobarase a través do uso que o alumnado fai en situacións comunicativas diversas. O feito de transmitir ideas e opinións, imprescindibles para lograr os obxectivos relacionados cunha visión crítica das repercusións da actividade humana, fomenta o uso tanto da linguaxe verbal como da escrita. A valoración crítica das mensaxes explícitas e implícitas nos medios de comunicación, na linguaxe publicitaria, en revistas especializadas... estimula o hábito para a lectura.

Entre as actividades e tarefas que se terán en conta para avaliar o grao de consecución desta competencia sinalamos:

- **Interese e hábito de lectura**

- Realización de tarefas de investigación a partir da lectura de documentos de distinto tipo e soporte.
- Lectura de instrucións escritas para a realización de actividades.
- Realización de lecturas recomendadas.
- Visitas a librarías especializadas en artes plásticas e deseño gráfico.

- **Expresión escrita: ler e escribir**

- Analizar a comprensión lectora a partir de comentarios colectivos de textos.
- Realizar na aula a lectura das actividades e exercicios que se van facer. A seguir, obter a idea principal e parafraseala, para poder dar a resposta adecuada.
- A partir da lectura dun texto determinado, indicar que cadro, que representación, que gráfico, que título de entre diversos posibles é o máis adecuado para o conxunto do texto ou para algunha das súas partes, e extraer conclusións; comprender e establecer relacións cronolóxicas ou de causa-efecto entre unha serie de accións; considerar alternativas; elaborar hipóteses, diferenciar feitos de opinións, etc.
- Procura e realización de biografías de artistas e lectura de parte destas. Animarase aos alumnos á lectura de diversos artigos ou traballos relacionados coa materia que se estea impartindo e que aparezan nos medios de comunicación ou especializados.
- Uso de distintos soportes e tipoloxías textuais (textos técnicos, táboas de datos, dicionarios, manuais, prensa, internet, etc.).
- Elaborar todo tipo de producións escritas:

- A partir da lectura dun texto determinado, elaborar resumos, esquemas ou informes.
 - Creacións propias (lemas, ensaios, cómics, caligramas, etc.).
 - Análise e produción de graffitis, murais, guións, pósters, etc.
- **Expresión oral: escoitar e falar**
 - A presentación de traballos coa intención de que o alumno, individualmente ou en grupo reducido, describa, narre, explique, razoe, xustifique e valore sobre o propósito e a información que ofrecen.
 - A presentación pública con exposición argumentada, por parte do alumnado, de producións elaboradas persoalmente ou en grupo sobre actividades e temas tratados na aula.

K. DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

As compoñentes do Departamento de Xeografía e Historia incluímos na nosa programación unha relación de libros recomendados en cada curso, cuxa lectura recibirá a súa conseguinte recompensa na nota. Neste sentido, as recensións que realicen os estudantes sobre algúns dos libros que se recomendan teranse en conta na cualificación sumando ata 1 punto máis, sempre que teñan acadado o nivel de aprobado na materia.

Podemos sintetizar os obxectivos que pretende o Plan Lector:

- Potenciar o gusto pola lectura e as habilidades de lecto-escritura, posto que constitúen o pilar de calquera aprendizaxe significativa.
- Crear ambientes que favorezan o desexo de ler e axuden a concibir a lectura como unha actividade pracenteira.
- Presentar a lectura e a escritura como fontes de coñecemento e de enriquecemento lingüístico e persoal indispensables na “sociedade da información”.
- Animar a afección pola lectura mediante unha selección de obras que ademais de formativas resulten atractivas para os estudantes.

- Estimular a elaboración propia de textos evitando a reprodución exacta dos contidos lidos.
- Promover a sensibilidade, a imaxinación, a creatividade e as habilidades críticas e interpretativas.
- Incentivar reflexións argumentadas e coherentes sobre a forma e o tema das lecturas que sirvan para definir miradas persoais.
- Suscitar a análise e a vivencia estética das manifestacións literarias.
- Fomentar o uso da biblioteca e da aula de informática utilizándoas como espazos privilexiados de aprendizaxe e lecer.

Lecturas recomendadas para 1ºESO

- *Jasón y los Argonautas*. Riordan, J. Vicens Vives
- *Héroes y heroínas*. Lively, P. Planeta-Oxford
- *Naves negras ante Troya*. Sutcliff, R Vicens Vives
- *Héroes de Roma en la Antigüedad*. Greiner, C Anaya
- *El mundo perdido*. Lédurier, C Valdemar
- *Los doce trabajos de Hércules*. Greiner, C Vicens Vives
- *De los héroes de la mitología*. Massadier, G. Anaya

Lecturas recomendadas para 2º de ESO:

- *El tapíz de Bayeux* Martínez. Laínez, F Oxford
- *El destino espera en Mayrit*. Ortega, M A Oxford
- *El círculo de los muchachos de blanco*. Lasala, M Anaya
- *El mensajero del rey*. Martínez de Lezea, T. Anaya
- *Adonde llegan las nubes*. Mayoral, J A. Anaya
- *Cuentos de Canterbury*. Chaucer e McCaughrean. Vicens Vives
- *El chico que navegó con Colón*. Foreman, M. Vicens Vives
- *Un ianqui na corte do rei Artur*. Twain, M. Xerais
- *La leyenda del Cid*. Sánchez Aguilar, A. Vicens Vives
- *La espada y la rosa*. Martínez Ménchen, A. Alfaguara
- *Cruzada en jeans*. Beckman, T. SM
- *El misterio del eunuco*. Velasco, JL. SM
- *Las cruzadas* Loste, Mª Antonia. Anaya

España medieval:

- *Musulmanes, judíos y cristianos* Aznar, Fernando, Anaya
- *Las mujeres en la Antigüedad y la Edad Media.* Fuente, M. e Fuente, P. Anaya

Lecturas recomendadas para 3º de ESO:

- *El bosque de los pigmeos.* Allende, I. Sudamerinana.
- *El color de la arena.* O´Callaghan i Duch, E. Edelvives
- *Donde el viento da la vuelta.* Sierra i Fabra, J. Edebé
- *El soldado y la niña.* Sierra i Fabra, J. SM
- *7 Cuentos crudos.* Gómez, R. SM
- *Irmán do vento.* Lourenzo, M. Xerais
- *No hay tiempo para jugar.* Arenal, S. Media Vaca
- *El pan de la guerra.* Ellis, D. Edelvives
- *La escuela vacía.* Benjelloum, T. RBA
- *Cartas de amor.* Alonso, Fran Xerais
- *Los últimos gigantes.* Place, F. Blume
- *La música del viento.* Sierra i Fabra, J. SM
- *La piel de la memoria.* Sierra i Fabra, J. Edelvives
- *A expedición do Pacífico.* Aleixandre, M. Xerais
- *As flores radiactivas.* Fernández Paz, A. Xerais
- *A negrura do mar.* Caride, R. Xerais
- *Las aventuras del capitán Alatriste.* Pérez-Reverte, Alfaguara
- *Os tres mosqueteiros* Dumas, A Xerais
- *El hereje* Delibes, M Planeta
- *El oro del rey* Pérez-Reverte Alfaguara
- *El misterio Velázquez* Cansino, E Bruño
- *Ivanhoe* Scott, W Juventud
- *La flecha negra* Stevenson, L Alianza

Lecturas recomendadas para 4º de ESO:

- *O derradeiro dos mohicanos* Fenimore Cooper, J. Xerais
- *A illa do tesouro.* Stevenson, L Xerais
- *Oliver Twist* Dickens, Ch Alianza
- *La mujer en la historia* Vega, E. Anaya
- *El vengador del Rif* Marías, F Anaya

- *No has muerto en Stalingrado* Delstanches, e Vierset Edebé
- *Historia de dos ciudades* Dickens, CH Alianza
- *Memorias de África* Dinesen, I Alfaguara
- *Los girasoles ciegos* Méndez, A Anagrama
- *La ladrona de libros* Zusak, M Lumen
- *Algo queda* Barth-Grözinger, I Edebé
- *Adiós a las armas* Hemingway, E Lumen
- *Fin de século en Palestina* Murado, M. A. Galaxia
- *La voz dormida* Chacón, D Alfaguara
- *Las bicicletas son para el verano* Fernán Gómez, F Vicens Vives
- *10 días que commovieron al mundo* Reed, J Akal
- *Enderezo descoñecido*. Kressmann Taylor K. Xerais
- *Reencontro*. Uhlman F. Galaxia (Costa Oeste)

L. DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

A materia de francés, 2ª lingua estranxeira, contribúe ao desenvolvemento da competencia lectora a través da diversidade de lecturas que se fan durante as clases, tanto do libro como de textos curtos, adaptados ao alumnado, ou a través doutros recursos didácticos (documentos auténticos en internet ...).

- En 1º e 2º da ESO levaremos a cabo a identificación, lectura e creación de textos descritivos, narrativos e de diálogo.
- Ademais, a partir do 3º trimestre en 1º da ESO, e do 2º trimestre en 2º da ESO, procuraremos facer unha iniciación á lectura literaria en francés, (adaptacións de clásicos, ou creacións recentes), seleccionando un para cada un dos dous niveis entre o fondo de libros de lectura do departamento, en función do nivel de dominio da lingua de cada grupo en particular. Estas lecturas serán feitas durante as clases, en grupo grande, para evitar o medo ao vocabulario descoñecido, que moitas veces é o maior atranco que se presenta á hora “enganchar” ao lector en lingua estranxeira. E complementarase esta lectura con actividades para traballar a comprensión lectora.
- En 3º e 4º da ESO farase unha lectura trimestral, sempre de obras adaptadas aos niveis de principiantes. A selección poderá ser feita polo profesor/a ou polo propio alumnado, elixindo nunha listaxe proporcionada polo departamento, en función do

nivel de dominio da lingua maioritario en cada grupo en particular, ou mesmo de cada alumno, a título individual.

- Estas lecturas no 2º ciclo da ESO serán tidas en conta nas notas das avaliacións, logo de cumprimentaren as fichas de lectura propostas, ou de realizaren pequenas probas obxectivas.
- Para 3º e 4º da ESO procurarase incluír dentro da bolsa de lecturas das gardas lectoras, algún libro ou revista en francés, ademais dos libros escollidos polo alumnado na biblioteca.